
GANAPÁN DAS PALABRAS

Texto de PEPE CÁCCAMO

Ilustracións de M^a XOSÉ FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

ISBN 978-84-8464-917-5. Demademora.

EDICIÓN ESPECIAL: KALANDRAKA, 18 ANOS (1998-2016)

Era un neno que tiña cen palabras

envoltas en papel de celofán.

Unha tarde de inverno perdeu cinco:

PEDRA, CAMA, LARANXA, LÚA, PAN.

Como as cinco palabras ían cansas,

caéronlle da man...


Este “Ganapán das palabras” é unha edición especial publicada co gallo do 18º aniversario de KALANDRAKA, para o que se recuperaron e renovaron os orixinais do libro, que data de 1998, ano de fundación da editorial.

Pepe Cáccamo ofrécenos unha divertida historia rimada sobre cinco palabras aventureiras que caen nun espello e vólvense do revés.

O autor xoga de forma suxerente coas palabras xa dende o propio título, que é un anagrama en A: “Ganapán das palabras”. A través da poesía e interpelando os lectores, o autor favorece que os nenos e as nenas xoguen coa rima, cos versos e cos inversos.

Aínda que se trata dun álbum recomendado para primeiros lectores, desta obra poética pódese gozar a calquera idade.

As ilustracións de María Xosé Fernández, de estilo ecléctico e vangardista, destacan polo seu carácter expresionista, os contrastes cromáticos e os xogos entre as formas e as letras.



- **Temática:** poesía, xogo de palabras.
- **Edad recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** edición especial conmemorativa do 18º aniversario de Kalandraka; do autor de “Dinosaurio Belisario”.

Pepe Cáccamo

(Vigo, 1950)

Profesor, escritor e crítico literario. Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago e catedrático de Literatura no ensino secundario. Publicou libros de poesía, relatos breves, ensaio, teatro e literatura infantil. Recibiu, entre outros, os premios Esquío, González Garcés, Arume, os Premios da Crítica de Galicia e de España, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Irmandade do Libro. Forma parte dos consellos de redacción de diferentes coleccións poéticas, suplementos culturais e revistas.

M^a Xosé Fernández

(Vigo, 1961)

Diplomada en Maxisterio. Dedicase á ilustración de libros, á pintura e á escenografía para teatro. Dende 1985 participou en numerosas exposicións individuais e colectivas en salas de Galicia e Madrid. Tamén imparte cursos de expresión plástica para público infantil e adulto.

<http://mxfernandez.jimdo.com>

